

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIADE URBANÍSTICA
Rúa dos Camiños da Vida, s/n - 1º
SALGUEIRIÑOS
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para os efectos previstos na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, remítese o texto íntegro dos acordos que, sobre materias que constitúen o obxecto da citada lei, foron adoptados pola Xunta de Goberno Local deste Excmo. Concello na sesión celebrada o día 29 de marzo de 2023:

1/160 LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE ALPENDRESS DE VACÚN E SILO FORRAXEIRO E AMPLIACIÓN DE CORTE E FOXA DE XURRO EN GALEGOS, NÚMERO 3, SANTIAGO DE SAA (2022/Y001/000235).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Licenzas, do 24 de marzo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“O 1 de decembro de 2021, o interesado solicita licenza urbanística para a legalización de alpendres de vacún e silo forraxeiro e ampliación de corte e foxa de xurro en Galegos, número 3, Santiago de Saa, segundo o proxecto técnico que xunta.

Instruído o procedemento emítese informe pola Enxeñeira Técnica Agrícola o 16 de decembro de 2021 do teor literal seguinte:

“Expediente: 2021/Y001/000309

Promotora: CASA POZO, S.C.

Representante: María Elena Pozo Mera

Situación: Lg. de Galegos. SAA. LUGO.

Polígono 141, parcelas 289 e 296.

Título do Proxecto: “ LEGALIZACIÓN DE COBERTIZOS DE VACÚN E SILO FORRAXEIRO E AMPLIACIÓN DE ESTABLO E FOXA DE XURRO”

Descrición do Proxecto: Legalizacións e novas construcións para ampliación de explotación de vacún de leite existente.

As construcións que forman actualmente a explotación están situadas na parcela catastral 289, e son:

- *Establo-zona de muxido: 815 m².*
- *Almacén maquinaria - recría: 340 m².*
- *Patio cuberto: 178 m².*
- *Nave recría xuvencas: 106 m².*
- *Alpendre xatos: 140 m².*
- *Silos: 327 m².*
- *Foxa de xurro: 169,68 m².*

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

- Establo a legalizar, construído no ano 2014, de 19,25 m x 7,40 m = 142,45 m². Estrutura de formigón armado e peches de chapa metálica e bloque de formigón, con cuberta a unha auga de placas de fibrocemento cor pizarra e altura de 5,30 m.
- Alpendre 1 a legalizar, construído en 2013, de 180 m². Estrutura de madeira, con cuberta a dúas augas de placas de fibrocemento cor pizarra e peche de chapa e malla plástica. Altura de 4,90 m.
- Alpendre 2 a legalizar, construído en 2018 e de 299 m². Estrutura mixta de madeira, cuberta a dúas augas de placas de fibrocemento. Altura: 4,45 m.
- Silo a legalizar, construído no ano 2016, de medidas 26,65 x 7,45 m = 198,54 m². Con paredes de 2,00 m de alto, e solado de formigón.

As novas construcións situaranse na parcela colindante núm 296, e son:

- Establo de vacún de leite, de 50 m x 29,60 m = 1.480 m², con la seguinte distribución interior: Zona de estancia de vacún, zona de partos, almacén, baño, vestiario, oficina, leitería, zona de robot de muxido etc.

A estrutura será de formigón armado, cuberta de panel "sándwich" cor pizarra e peches laterais de panel prefabricado de formigón cor branca. A carpintería exterior será de chapa galvanizada.

- Foxa de xurro cuberta, de 38,00 m x 14,00 m x 4,00 m. Estrutura de formigón armado prefabricado e cuberta de fibrocemento cor pizarra, ten muros de contención de 1-2,50 m sobre o nivel do chan e sobre del 1 m de malla metálica perimetral.

Autoría do proxecto: Isabel Arza Río. -Enxeñeira Técnica Agrícola-.

Dirección facultativa: Isabel Arza Río.

Coordinación de Seguridade e Saúde: Isabel Arza Río.

A obra que se solicita infórmase no tocante ás condicións urbanísticas, normativa e ordenanzas descritas nos puntos seguintes, sen prexuízo doutras normativas que lle sexan de aplicación e cuxa fiscalización é competencia doutros organismos. Segundo o disposto no artigo 143 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (L.S.G.), unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor para todos os efectos.

Vista a documentación aportada en data 09.07.2020, procede informar o seguinte:

1.- Condicións Urbanísticas

Este informe elaborase en base á ordenación establecida no plan aprobado definitivamente de forma parcial por orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 29 de abril de 2011, e que entrou en vigor o día 5 de marzo de 2012. Plan Xeral de Ordenación Municipal (P.X.O.M. - 2011).

Folla do P.X.O.M.: Folla 2.38 do plano 1/5000.

Referencias Catastrais:

27900A14100296

27900A14100289

Clase e categoría do solo:

1- A explotación actual está situada na parcela catastral 289, con dúas categorías de solo:

Solo clasificado como Núcleo Rural e área de expansión do núcleo rural Raña-Galegos; Dito ámbito (núm.: 49.5) quedou á marxe da orde de aprobación do PXOM-11. O réxime de aplicación que lle corresponde é o plan anterior revisado e aprobado definitivamente por resolución do conselleiro de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de 27 de decembro de 1990, en vigor dende o 4 de febreiro de 1991 (PXOU-90). Segundo este, a parcela ten clase de solo NRT e SNU (solo non urbanizable). A estes tipos de solo aplícaselles, segundo a D.T. 1ª da Lei 2/2016 e D.T. 2ª do Regulamento de desenvolvemento desta (Decreto 143/16), o disposto nelas para solo rústico, no cao de SNU e o disposto no PXOU-90 para solo de Núcleo Rural, polo que a clase e categoría de solo é:

- Rústico de protección ordinaria e
- Núcleo Rural Tradicional

As construcións a legalizar están en solo rústico, en núcleo rural está un alpendre de xatos con Recoñecemento de explotación, de 140 m²

2- As construcións proxectadas estarán situadas na parcela catastral 296 con solo

- rústico de protección agropecuaria (A).

Normas/Ordenanzas reguladoras:

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.

Informes sectoriais: Consta resolución de Declaración Ambiental.

Expedientes de infracción urbanística: Non constan.

As condicións de edificación e posición e implantación serán diferentes para as dúas parcelas catastrais, por aplicarse distinto rexime urbanístico (D.T. 3ª RLSG. punto segundo no caso da parcela onde se legalizan construcións e réxime xeral de edificación en solo Rústico na parcela onde se proxectan as novas ampliacións).

Condicións de edificación:

Servizos: Xustifica no proxecto. Trátase dunha explotación existente.

Condicións estéticas e adaptación ao ambiente: Os paramentos exteriores trataranse en cor branca e as cubertas serán de cor pizarra. Xustifica no proxecto.

Condicións de altura: Cumpre.

- Establo a legalizar: 5,30 m
- Alpendre 1 a legalizar: 4,90 m
- Alpendre 2 a legalizar: 4,45 m.
- Ampliación de nave: 6,40 m.
- Foxa de xurro cuberta: 6,75 m.

Condicións de posición e implantación:

Superficie das parcelas:

parcela 289: 6554,00 m²

parcela 296: 46 562,00 m². Nos planos figura parcela 222. Deberá corrixir este dato.

Recuamentos a lindeiros e vías de circulación:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Construcións a legalizar en parcela 289: Non necesario recuar (D.T. 3ª RLSG. Punto segundo)

Construcións a realizar en parcela 296: Cumpre cos recuamentos de 5,00 m Ocupación máxima:

parcela 289: exento de xustificación (D.T. 3ª RLSG. Punto segundo)

parcela 296: 4,32 %. Cumpre.

Distancias a asentamentos de poboación e vivendas: Non se trata dunha nova explotación senón da ampliación dunha existente con base territorial.

Licenzas de edificacións existentes:

Consta Recoñecemento de explotación a nome de María Elena Pozo Mera.

Licenza nº 1445/00 para construción de explotación semilibre de vacún

Licenza nº 1534/01 para construción de almacén agrícola, cobertizo de vacún e tres silos forraxeiros.

Condicións de uso:

Trátase dunha ampliación de explotación gandeira existente en data 01.01.2003. A ampliación consiste na legalización de construcións existentes na parcela orixinal (parcela 286) e novas construcións na parcela contigua (parcela 296). Uso permitido en solo rústico, segundo o artigo 35.1.h) da Lei 2/2016 (50.1 h) do Decreto 143/2016).

A) Legalización de obras na parcela 286: É de aplicación o establecido na disposición transitoria 3ª punto segundo do Regulamento da Lei 2/2016, para ampliacións < 50 % do volume construído orixinario existente en data 01.01.2003. O volume das construcións a legalizar cumpre esta condición.

Volume de construcións existentes na parcela con Recoñecemento da Explotación:

- Establo-zona de muxido: 4075,00 m³.
- Almacén maquinaria - recría: 1530,00 m³.
- Patio cuberto: 890,00 m³.
- Nave recría xuvenca: 477,00 m³.
- Alpendre xatos: fata aportar.
- Silos: non computa volume
- Foxa de xurro: non computan as construcións baixo rasante.

Volume de construcións a legalizar na mesma parcela : 2844,69 m³.

- Establo: 783,48 m³.
- Alpendre 1: 954,00 m³.
- Alpendre 2: 710,13 m³.
- Silo: 397,08 m³.

B) Obras novas proxectadas na parcela 296: É de aplicación o réxime xeral para construcións en solo rústico, da Lei 2/2016.

Por estar situada a explotación nunha parcela con solo rústico de especial protección agropecuaria, aportar o informe favorable do órgano con competencia sectorial na materia.

Segundo o artigo 39 da LSG, farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizado, expresando a indivisibilidade e

as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística (licenza municipal).

2.- Normas sobre patrimonio:

As obras solicitadas atópanse fóra dos ámbitos de protección.

3.- Normativa acústica:

Xustifica no proxecto.

4.- Normativa medioambiental:

Xustifica no proxecto.

5.- Normativa de seguridade contra incendios:

Xustifica no proxecto.

Actividade:

A explotación conta con 142 cabezas de vacún (73 vacas, 54 xuvencas de máis de 6 meses e 15 xuvencas de menos de 6 meses). Na situación prevista contarase con 216 cabezas (116 vacas, 67 xuvencas de máis de 6 meses e 33 xuvencas de menos de 6 meses). Trátase dunha modificación substancial dunha actividade que se atopa incluída dentro do epígrafe 9.3.e do catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental da Lei 9/2013 ao se tratar dunha explotación gandeira intensiva cunha capacidade entre 50 e 300 prazas para vacún de leite.

Aporta Declaración de Incidencia Ambiental.

Segundo o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos: Cando unha obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto á solicitude de licenza de obra poñerase en coñecemento da Administración municipal a documentación prevista no artigo 11 deste regulamento (presenta a documentación completa) e non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que as obras e/ou instalacións estean totalmente finalizadas e se presente comunicación previa de acordo con este regulamento.

Valoración:

O PMb segundo a ordenanza municipal é de: ver cadro 1.

O P.E.M. do proxecto de obra nova ascende a: 315 076,13 €.

Prazo de finalización: 30 meses

Conclusións:

A autora deste proxecto xustifica o cumprimento da normativa a supervisar por este Servizo e que consta neste informe, polo que se emite informe favorable.”

O 26 de maio de 2022, o Servizo de Enxeñería emitiu informe no que se fai constar:

“Nº Expediente: 2021-Y001-000309

Promotor: Casa Pozo SC

Situación: Lg Galegos nº3. Galegos. Santiago de Saa

Referencia catastral: Polígono 141, Parcelas 289 e 296

Descrición: Legalización de cobertizos de vacún e silo forraxeiro e ampliación de establo e foxa de xurro

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

En resposta á Providencia do Servizo de Licencias en relación coa tramitación do expediente de licenza de obra maior de referencia, emítese o seguinte informe técnico en canto ás condicións relativas a servizos.

INFORME TÉCNICO

A parcela conta con acceso rodado de uso público e subministración de enerxía eléctrica. Non existen redes de abastecemento nin de saneamento municipais.

No proxecto especifica que a toma de auga procede da traída municipal, e entra na parcela pola zona norte a un depósito de formigón de 13m3. Dado que non existe rede de abastecemento municipal neste núcleo, deberá xustificar a procedencia do abastecemento de auga, e aportar a autorización do Organismo de Cunca (CHMS) para captación de augas subterráneas.

Tal e como se recolle na resolución pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental, as augas residuais sanitarias procedentes de inodoros non poderán evacuarse directamente cara ás fosas de xurro. Para a correcta xestión das augas residuais sanitarias procedentes do aseo éstas deberán depurarse nunha fosa séptica con incorporación do efluente depurado ao terreo ou cara a foxa de xurro. De instalarse unha fosa séptica o seu vertido ó terreo precisará da preceptiva autorización o Órgano de conca.

Polo tanto, deberá aportar a seguinte documentación relativa á fosa séptica:

- Plano acoutado no que se recolla a ubicación da fosa séptica, xustificando o cumprimento dos retranqueos esixibles. De ser o caso, a fosa séptica deberá cumprir a distancia mínima entre pozo e fosa e o pozo estará emprazado augas arriba do punto de vertido de augas residuais.

- Descrición gráfica e características técnicas da fosa séptica. De ser o caso, ficha técnica do fabricante.

- De incorporarse o efluente depurado da fosa séptica ao terreo, deberá aportar a autorización de vertido do Organismo de Cunca.

Condicións particulares:

- Non consta a existencia de rede de saneamento/ abastecemento, polo que se resolve por medios individuais con cargo ao promotor da edificación. De acordo co estipulado no artigo 24.5 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, cando se implanten os servizos no núcleo deberá conectarse necesariamente á nova ou novas redes.*
- En solo de núcleo rural, nas rehabilitacións e nas actuacións integrais sobre as fachadas de edificios existentes eliminaranse os tendidos vistos de instalacións, estando prohibido nos núcleos rurais tradicionais os novos tendidos aéreos. (art. 26 LSG)*

Condições xerais:

- *Todos os servizos que puidesen ser deteriorados durante as obras deberán repoñerse cos mesmos materiais ó seu estado orixinal. A reposición de firmes e calquer outra infraestrutura deteriorada pola execución da obra será a cargo íntegramente do promotor, non limitándose estrictamente á superficie de gabia aberta senon que deberá asegurar polo menos a mesma funcionalidade da vía ou camiño existente con anterioridade á obra.*
- *No que se refire aos accesos da parcela, cinguiranse por completo á rasante dos camiños actuais, non permitíndose ningunha actuación ao respecto que modifique a conformación dos mesmos.*
- *Nas cuestións de dúbida, seguiranse os criterios do Servizo de Enxeñería.*
- *Darase conta do inicio dos traballos a este Servizo, a fin de revisar a correcta execución dos mesmos.*

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse nos informes xurídicos que se emitan.”

No trámite de audiencia previa á proposta de resolución, o 29 de marzo de 2022ponse no coñecemento do interesado o informe do Servizo de Enxeñería municipal, para os efectos de que se formulen alegacións ou se presenten os documentos que estimen pertinentes. O 27 de maio de 2022, o interesado achega nova documentación que serviu de base para emitir o seguinte informe polo Servizo de Enxeñería municipal o 17 de marzo de 2023:

“Nº Expediente: 2021-Y001-000309

Promotor: Casa Pozo SC

Situación: Lg Galegos nº3. Galegos. Santiago de Saa

Referencia catastral: Polígono 141, Parcelas 289 e 296

Descrición: Legalización de cobertizos de vacún e silo forraxeiro e ampliación de establo e foxa de xurro

En resposta á Providencia do Servizo de Licencias en relación coa tramitación do expediente de licenza de obra maior de referencia, á vista da nova documentación achegada emítese o seguinte informe técnico en canto ás condicións relativas a servizos.

INFORME TÉCNICO

O Servizo de Enxeñería emitiu informe con data do 18.03.2022, no que se requiría a subsanación da seguinte documentación:

No proxecto especifica que a toma de auga procede da traída municipal, e entra na parcela pola zona norte a un depósito de formigón de 13m3. Dado que non existe rede de abastecemento municipal neste núcleo, deberá xustificar a procedencia do abastecemento de auga, e aportar a autorización do Organismo de Cunca (CHMS) para captación de augas subterráneas.

Achega plano coa ubicación dun pozo de captación situado na parcela 289, polígono 141, así como xustificante de presentación de solicitude de concesión de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

augas ante a CHMS. Deberá aportar a autorización do Organismo de Cunca (CHMS) da concesión de augas.

"Polo tanto, deberá aportar a seguinte documentación relativa á fosa séptica:

-Plano acoutado no que se recolla a ubicación da fosa séptica, xustificando o cumprimento dos retranqueos esixibles. De ser o caso, a fosa séptica deberá cumprir a distancia mínima entre pozo e fosa e o pozo estará emprazado augas arriba do punto de vertido de augas residuais.

-Descrición gráfica e características técnicas da fosa séptica. De ser o caso, ficha técnica do fabricante.

-De incorporarse o efluente depurado da fosa séptica ao terreo, deberá aportar a autorización de vertido do Organismo de Cunca.

-Achega a documentación gráfica e documentación da fosa séptica requirida, e específica que a fosa séptica se conecta directamente á fosa de purín, de xeito que non se contemplan vertidos directos ao medio. Polo que se entende debidamente xustificado.

Condicións particulares:

- Non consta a existencia de rede de saneamento/ abastecemento, polo que se resolve por medios individuais con cargo ao promotor da edificación. De acordo co estipulado no artigo 24.5 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, cando se implanten os servizos no núcleo deberá conectarse necesariamente á nova ou novas redes.*
- En solo de núcleo rural, nas rehabilitacións e nas actuacións integrais sobre as fachadas de edificios existentes eliminaranse os tendidos vistos de instalacións, estando prohibido nos núcleos rurais tradicionais os novos tendidos aéreos. (art. 26 LSG)*

Condicións xerais:

Todos os servizos que puidesen ser deteriorados durante as obras deberán repoñerse cos mesmos materiais ó seu estado orixinal. A reposición de firmes e calquera outra infraestrutura deteriorada pola execución da obra será a cargo íntegramente do promotor, non limitándose estrictamente á superficie de gabiá aberta senon que deberá asegurar polo menos a mesma funcionalidade da vía ou camiño existente con anterioridade á obra.

Impedirase a chegada de augas de escorrega o viario.

No que se refire aos accesos da parcela, cinguiranse por completo á rasante dos camiños actuais, non permitíndose ningunha actuación ao respecto que modifique a conformación dos mesmos.

O deseño en planta dos accesos formará un ángulo o máis perpendicular posible co eixo da calzada.

As portas que se dispoñan no acceso non abrirán en ningún caso cara á estrada e situaranse fóra das zonas de dominio público.

Cando non sexa posible manter a continuidade da drenaxe lonxitudinal da calzada mediante unha cuneta rebasable, deberase garantir mediante conducións de dimensións suficientes.

En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda do vial e impedirse a chegada de augas de escorrega tanto desde o interior da parcela

como desde o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, embornais ou reixas corridas no acceso.

O acceso afirmarase en todo o ancho, desde a aresta exterior da calzada. O pavimento estará constituído por mestura bituminosa, formigón ou tratamento superficial mediante rega con grava bicapa.

Nas cuestións de dúbida, seguiranse os criterios do Servizo de Enxeñería.

Darase conta do inicio dos traballos a este Servizo, a fin de revisar a correcta execución dos mesmos.

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse nos informes xurídicos que se emitan.

A Lei 2/2016 do solo de Galicia, no artigo 142 e seguintes e 348 e seguintes do Regulamento que desenvolve a lei, aprobado por Decreto 143/2016, establecen que as licenzas urbanísticas son títulos administrativos regrados, mediante os que a Administración municipal permite a execución material dos actos de edificación e uso do solo proxectado, tras a comprobación de que o proxecto completo redactado se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade. As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan o ordenamento territorial ou urbanístico.

As obras proxectadas sitúanse en solo clasificado como rústico de protección agropecuaria, segundo o Plan xeral de ordenación urbana de aplicación. Dos informe técnicos emitidos, despréndese que a parcela non dispón de rede de abastecemento municipal de auga, polo que o interesado resolve a subministración coa localización dun pozo de captación situado na parcela 289, polígono 141, xa que só incorpora xustificante de presentación de solicitude de concesión de augas ante a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, pero carece da preceptiva autorización da concesión outorgada polo Organismo de Cunca. De xeito que non queda garantido o servizo de abastecemento da auga, incumprindo as condicións xerais que esixe artigo 39 da Lei do solo de Galicia, para a obtención do preceptivo título habilitante.

Emitidos os preceptivos informes técnicos e terminada a tramitación, procede a adopción de resolución expresa que o finalice.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Non outorgar a licenza urbanística solicitada por CASA POZO, S.C., REPRESENTADA POR D.^a MARÍA ELENA POZO, para a legalización de alpendres de vacún e silo forraxeiro na parcela con referencia catastral 27900A14100289 e ampliación de corte e foxa de xurro na parcela con referencia catastral 27900A14100296, en Galegos, número 3, Santiago de Saa, solo clasificado como rústico de protección agropecuaria segundo o PXOU de aplicación. Con base no informe técnico emitido do que se desprende que carece da autorización da concesión outorgada polo Organismo de Cunca, Confederación Hidrográfica Miño Sil, que esixe o pozo que se proxecta, polo que non quedan garantido o servizo de abastecemento da auga para as edificacións proxectadas, necesario ao non existir rede de abastecemento municipal, o que incumpre as condicións xerais que esixe artigo 39 da Lei do solo de Galicia para a obtención do preceptivo título habilitante.

SEGUNDO.- A resolución que pon fin á vía administrativa deberáselles notificar aos interesados, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

2/161 LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO

EDIFICIO SITO NA RÚA ALEXANDRE BÓVEDA, NÚMERO 3 (2022/Y001/000215).

- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Licenzas, do 24 de marzo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Presentada o 27 de xullo de 2022 a solicitude de licenza urbanística para instalación de ascensor na rúa Alexandre Bóveda, número 3, segundo o proxecto técnico que xunta. O 16 de setembro de 2022, o interesado achega oficios de dirección de obra, dirección de execución de obra e coordinador de seguridade e saúde.

1.- PROPOSTA DO SERVIZO DE LICENZAS

Formulada petición de licenza urbanística, iníciase o procedemento e solicítaselle informe ao Servizo de Arquitectura Municipal que o emite o 20 de xaneiro de 2023 no que se pon de manifesto:

“**DATOS DO PROXECTO:**

Referencia: 2022/Y001/000215

Promotor: José Luis Uzquiano Ruiz.

Situación: Rúa Alexandre Bóveda, núm. 3

Referencia catastral: 7543027PH1674S

Descrición do proxecto: Instalación de ascensor

Autor do proxecto: Juan S. Lareo Sánchez (arquitecto Colexiado núm. 3334 do COAG)

Oficios:

Director de obra: Juan S. Lareo Sánchez (arquitecto Colexiado núm. 3334 do COAG)

Director da execución de obra: Carlos Ivan Lantes Candal (arquitecto técnico Colexiado núm. 3019 do COATAC)

Coordinador de seguridade e saúde: José Luis Uzquiano Ruiz (enxeñeiro técnico industrial núm. 1178 do COETICOR)

Documentación:

O 28.07.2022 con núm. de rexistro 20229000006310 achega Proyecto técnico de instalación de ascensor en edificio de viviendas visado polo COAG o 26.07.2022 con csv 2204327,2, oficio de dirección de obra, designación do coordinador de seguridade e saúde, solicitude de licenza urbanística e solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade.

O 16.09.2022 con núm. de rexistro 20229000007558 achega nomeamento da dirección de execución da obra.

Expediente relacionado: 2022/Y018/000017 Solicitude de excepcionalidade do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (DOG núm. 53 18.03.2010)

Observacións: No apartado observacións do xestor de expedientes municipal solicítase informe do servizo de arquitectura.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Asígnase o expediente a informe técnico o 16.11.2022.

INFORME TECNICO DO PROXECTO DO SERVIZO DE ARQUITECTURA:

A obra que se solicita infórmase tecnicamente sobre ás condicións urbanísticas, normativa e ordenanzas descrita nos puntos seguintes sen prexuízo doutras normativas que sexan de aplicación e cuxa fiscalización é competencia doutros organismos e a salvo, en todo caso, do que poidan sinalar os informes xurídicos sobre a conformidade da licenza solicitada coa legalidade urbanística (artigo 143.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 354.3 do Decreto 143/2016, Regulamento da lei do solo (RLSG) así como, en todo caso, o indicado nos informes doutros servizos municipais.

Segundo o disposto no artigo 143.3 da LSG e 353.2.d) do RLSG, o proxecto unha vez presentado ante o Concello adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor a todos os efectos.

Non consta o título habilitante de construción do edificio. A documentación achegada analízase dende a volumetría que o técnico redactor asina e define como a preexistente da edificación (artigo 143.3 da LSG).

1. CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:

1.1- Situación Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2011):

- Plano 2.14 Clasificación do solo e estrutura xeral e orgánica do territorio (Escala 1/5.000) (Tomo IV.1. Estrutura territorial. Planos)

- Plano 7.26 Zonas de ordenanza, aliñación, rede viaria e xestión (Escala 1/1.000) (Tomo V.2. Ordenación e xestión do solo urbano. Planos)

1.2- Clasificación do Solo: Solo urbano consolidado

1.3- Ordenanza reguladora: Zona de Ordenanza 2, Quinteiro pechado

2. DESCRICIÓN E TIPIFICACIÓN DAS OBRAS:


O edificio data de 1963, segundo datos catastrais. O edificio conta con 234m² de superficie construída distribuídos en planta baixa e dúas plantas (PB+2P) sen división horizontal. Todo o anterior segundo datos extraídos da consulta descritiva e gráfica de datos catastrais do ben inmovible.

Segundo a documentación do proxecto, este ten por obxecto a execución das obras necesarias para a instalación dun ascensor no oco das escaleiras dun edificio de vivendas existente, co fin mellorar a súa accesibilidade. O oco do ascensor contará cunhas dimensións de 1,02x1,36m.

A edificación atópase en desconformidade co planeamento dado que non se adapta á altura establecida na planimetría do PXOM. As alturas que marca o plano 7.26 do PXOM son 5 (correspondentes a B+4). A altura na ordenanza de quinteiro pechado é un parámetro de obrigado cumprimento. Non consta na documentación achegada xustificación dos parámetros urbanísticos da ordenanza polo que non se poden determinar outras posibles desconformidades con esta (medición de fondos, etc).

As actuacións permitidas en edificios desconformes coas determinacións do PXOM vixente atópanse no apartado 33.2.1 do PXOM. As obras consistentes na instalación dun ascensor nun edificio existente é una actuación de mellora das condicións de habitabilidade e, polo tanto, é unha actuación permitida nesta situación segundo o cadro ao que se remite o apartado 33.2.1 do PXOM.

Non obstante, consultadas as ferramentas libres Google street View e Google Earth Pro, a volumetría de cuberta non se corresponde coa volumetría definida polo técnico redactor do proxecto no plano Estado Final. Secciónes nº302. Ademais, non constan as seccións actuais do inmovible. Segundo o cadro ao que se remite o apartado 33.2.1 do PXOM as actuacións de ampliación da edificación non están permitidas no réxime de edificacións en situación de desconformidade co planeamento, a salvo do que se determine no informe xurídico. Non se pode agravar a situación de desconformidade co planeamento. No caso de que se pretenda proxectar unha ampliación, esta deberá cumprir con tódolos parámetros establecidos no PXOM.



Extracto de Google Earth Pro Extracto do plano Estado Final. Secciónes nº302

Para avaliación axeitada das obras, deberase incorporar documentación axeitada (seccións) que defina a volumetría do estado actual e do estado definitivo do edificio e xustificar o uso das plantas da edificación.

3. AFECCIÓNS:

Segundo a folla 0072A-0808 e o visor do Plan Básico Autonómico de Galicia, a parcela atópase na servidume de protección aeronáutica, nun ámbito de reserva da biosfera e nun ámbito de concesión mineira. Segundo o plano 2.14 do PXOM non se sinala afección de protección arqueolóxica. No referente á necesidade de autorizacións sectoriais estarase ao que determine o informe xurídico.

4. NORMATIVA TÉCNICA:

O técnico redactor do proxecto redacta e asina, baixo o seu criterio, as xustificacións da normativa técnica nas partes que considera de aplicación. Non obstante, non achega documentación na que xustifique a Ordenanza municipal de protección ambiental (BOP núm. 139 do 19.06.1995).

Segundo o artigo 8 Actuacións en edificios existentes do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (DOG núm. 53 18.03.2010) as obras para a instalación dun ascensor nun edificio existente tipifícanse como A.2. Obras de adecuación funcional de edificio dado que afectan aos elementos comúns e teñen por obxecto mellorar as súas condicións de accesibilidade. Segundo o artigo 11 Obras de adecuación funcional do edificio, dado que as obras alteran substancialmente a distribución dos elementos comúns pola instalación dun novo ascensor, será esixible o cumprimento das NHV-2010 exclusivamente á parte do edificio afectado polas obras. O técnico redactor do

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

proxecto achega a ficha de habitabilidade asinada na que xustifica, baixo o seu criterio, as partes que considera de aplicación. O técnico redactor do proxecto, ao amparo do artigo 16 Excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto solicita, mediante o expediente relacionado que consta en TECOL, con núm. 2022/Y018/000017, a excepcionalidade de algúns dos apartados das NHV-2010. Consta no citado expediente as deficiencias sinaladas con respecto a esta normativa.

Polo que respecta ao CTE-DB-SI e CTE-DB-SUA, nun edificio existente no que se instala un ascensor para mellorar as condicións de accesibilidade, poden reducirse as condicións das escaleiras sempre que se acredite a non viabilidade técnica e económica doutras alternativas que non supoñan a redución da citada anchura e se aporten medidas complementarias de mellora da seguridade. Deberá acreditarse tal suposto e aportar medidas complementarias de mellora, tales como a instalación de alumeado de emerxencia e de extintor portátil, etc. Deberá achegar planos xustificativos do cumprimento do CTE coas medidas complementarias proxectadas.

5. AVALIACIÓN:

O PEM do proxecto é 20.750 euros.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:

18 meses

CONCLUSIÓN:

En base ao exposto no corpo deste informe, deberá emendar as deficiencias sinaladas.

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse no informe xurídico (art. 143.2 da LSG e 354.3 do RLSG).

O 6 de marzo de 2023, o interesado achega nova documentación que serviu de base para emitir o seguinte informe polo Servizo de Arquitectura municipal o 13 de marzo de 2023:

"DATOS DO PROXECTO:

Referencia: 2022/Y001/000215

Promotor: José Luis Uzquiano Ruiz

Situación: Rúa Alexandre Bóveda, núm. 3

Referencia catastral: 7543027PH1674S

Descrición do proxecto: Instalación de ascensor

Autor do proxecto: Juan S. Lareo Sánchez (arquitecto Colexiado núm. 3334 do COAG)

Oficios:

Director de obra: Juan S. Lareo Sánchez (arquitecto Colexiado núm. 3334 do COAG)

Director da execución de obra: Carlos Ivan Lantes Candal (arquitecto técnico Colexiado núm. 3019 do COATAC)

Coordinador de seguridade e saúde: José Luis Uzquiano Ruiz (enxeñeiro técnico industrial núm. 1178 do COETICOR)

Documentación:

O 28.07.2022 con núm. de rexistro 20229000006310 achega Proyecto técnico de instalación de ascensor en edificio de viviendas visado polo COAG o 26.07.2022 con csv 2204327,2, oficio de dirección de obra, designación do coordinador de seguridade e saúde, solicitude de licenza urbanística e solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade.

O 16.09.2022 con núm. de rexistro 20229000007558 achega nomeamento da dirección de execución da obra.

O 06.03.2023 con núm. de rexistro 202399900004987 achega Anexo I: Proyecto técnico de instalación de ascensor en edificio de viviendas visado polo COAG o 06.03.2023 con csv 2204327,3.

Expediente relacionado: 2022/Y018/000017 Solicitude de excepcionalidade do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (DOG núm. 53 18.03.2010)

Observacións: No apartado observacións do xestor de expedientes municipal solicítase informe do servizo de arquitectura, a vista da documentación achegada.

Asígnase o expediente a informe técnico o 06.03.2023.

Á vista da nova documentación achegada o 06.03.2023 emítese o seguinte:

INFORME TECNICO DO PROXECTO DO SERVIZO DE ARQUITECTURA COMPLEMENTARIO AO EMITIDO O 20.01.2023:

2. DESCRICIÓN E TIPIFICACIÓN DAS OBRAS:

O edificio data de 1963, segundo datos catastrais. O edificio conta con 234m² de superficie construída distribuídos en planta baixa e dúas plantas (PB+2P) sen división horizontal. Todo o anterior segundo datos extraídos da consulta descritiva e gráfica de datos catastrais do ben inmovible.

Segundo a documentación do proxecto, este ten por obxecto a execución das obras necesarias para a instalación dun ascensor no oco das escaleiras dun edificio de vivendas existente, co fin mellorar a súa accesibilidade. O oco do ascensor contará cunhas dimensións de 1,02x1,36m. A edificación atópase en desconformidade co planeamento dado que non se adapta á altura establecida na planimetría do PXOM. As alturas que marca o plano 7.26 do PXOM son 5 (correspondentes a B+4). A altura na ordenanza de quinceiro pechado é un parámetro de obrigado cumprimento. Non consta na documentación achegada xustificación dos parámetros urbanísticos da ordenanza polo que non se poden determinar outras posibles desconformidades con esta (medición de fondos, etc). As actuacións permitidas en edificios desconformes coas determinacións do PXOM vixente atópanse no apartado 33.2.1 do PXOM. As obras consistentes na instalación dun ascensor nun edificio existente é una actuación de mellora das condicións de habitabilidade e, polo tanto, é unha actuación permitida nesta situación segundo o cadro ao que se remite o apartado 33.2.1 do PXOM.

4. NORMATIVA TÉCNICA:

O técnico redactor do proxecto redacta e asina, baixo o seu criterio, as xustificacións da normativa técnica nas partes que considera de aplicación.

Segundo o artigo 8 Actuacións en edificios existentes do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

(DOG núm. 53 18.03.2010) as obras para a instalación dun ascensor nun edificio existente tipifícanse como A.2. Obras de adecuación funcional de edificio dado que afectan aos elementos comúns e teñen por obxecto mellorar as súas condicións de accesibilidade. Segundo o artigo 11 Obras de adecuación funcional do edificio, dado que as obras alteran substancialmente a distribución dos elementos comúns pola instalación dun novo ascensor, será esixible o cumprimento das NHV-2010 exclusivamente á parte do edificio afectado polas obras. O técnico redactor do proxecto, ao amparo do artigo 16 Excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto solicita, mediante o expediente relacionado que consta en TECOL, con núm. 2022/Y018/000017, a excepcionalidade dalgúns dos apartados das NHV-2010.

CONCLUSIÓN:

A actuación proxectada polo técnico redactor do proxecto, definida na documentación visada polo COAG o 26.07.2022 con csv 2204327,2 coas modificacións introducidas na documentación visada o 06.03.2023 con csv 2204327,3, xustifica as condicións urbanísticas e o resto da normativa técnica indicada.

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse no informe xurídico (artigo 143.2 da LSG e artigo 354.3 do RLSG). “

Por Decreto número 2328/2023, do 14 de marzo de 2023, finalizou o procedemento tramitado co expediente nº 2022/Y018/000017 que resolve:

“Exceptuar do cumprimento das condicións dos apartados: Espazos comúns: Portal. Acceso; Apartado I.B.3.1.1. Acceso, letra c); Espazos comúns: Portal. Ámbito interior; Apartado I.B.3.1.2. Ámbito interior, letra a); Espazos comúns: Portal. Área de acceso a ascensores e a escaleiras; Apartado I.B.3.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras, letra a); Espazos comúns: Escaleiras. Dimensionamento; Apartado I.B.3.2.1. Dimensionamento; Espazos comúns: Escaleiras. Ventilación; Apartado I.B.3.2.3. Ventilación; Espazos comúns: Espazos de comunicación; Apartado I.B.3.3. Espazos de comunicación, letra b); Espazos comúns: Ascensores; Apartado I.B.3.4. Ascensores, letra b); do Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, na actuación de instalación de ascensor no edificio de vivendas, na rúa Alexandre Bóveda, número 3.

De conformidade co informe do 6 de marzo de 2023, elaborado pola Arquitecta Municipal, que se transcribe na súa integridade, sendo a solicitude formulada por Don José Luis Uzquiano Ruiz.

A intervención proxéctase para a instalación dun ascensor nun edificio existente a lo menos dende o ano 1963, segundo datos catastrais, polo que non ten incidencia no espazo aereo, nin no subsolo, situándose o inmovible en solo clasificado como urbano consolidado. As obras proxectadas están suxeitas á previa licenza urbanística. O proxecto técnico presentado é completo e xustifica o cumprimento da normativa urbanística e demais normativa de aplicación, segundo

se desprende dos informes emitidos polos servizos técnicos municipais, mediante os cales procedeuse a realizar as verificacións que esixe o obxecto e natureza das licenzas urbanísticas, de conformidade co establecido nos artigos 142 e seguintes da Lei 2/16, do solo de Galicia. Conta co acordo de excepcionalidade do cumprimento das condicións NHV-2010, para a obra que se tramita. Polo que se debe finalizar o procedemento mediante a adopción de resolución.

2.- PROPOSTA DE ACORDO DO SERVIZO DE FACENDA LOCAL

O Servizo de Facenda Local con data do 14 de marzo de 2023 formula a proposta do teor literal seguinte:

NÚM. DE EXPEDIENTE: 2022/Y001/000215

SUXEITO PASIVO: JOSE LUIS UZQUIANO RUIZ

OBRA: INSTALACION ASCENSOR EN RUA ALEXANDRE BOVEDA, 3

As obras que se autorizan están suxeitas á obriga do pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos nos termos fixados no art. 20 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o abeiro do establecido na Ordenanza núm. 103 (tipo de gravame 1%) e do imposto sobre construcións, instalación e obras, art. 100 e seguintes do citado texto legal e da Ordenanza núm. 202 (tipo de gravame 3%).

De acordo co Informe Técnico emitido polo servizo de arquitectura, ás devanditas obras correspóndenlles unha unha valoración de: 20.750,00 €

Vista a autoliquidación núm. 11064588, ingresada polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

NIF	SUXEITO PASIVO	BASE IMPONIBLE	TG	COTA TRIB	BONIF 95%	COTA LÍQUIDA	DATA COBRO
179958***	JOSE LUIS UZQUIANO RUIZ	20.750,00	1%	207,50 €	197,12 €	19,83 (D.M.)	26/07/22

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm.103 reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos regulador da base de gravame e tarifas, artigo 5 regulador da norma especial sobre o ingreso da cota, o artigo 9 relativo á tramitación.

Visto o artigo 3.2 da ordenanza fiscal núm.103 reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos no que se establece unha bonificación do 95% da cota da taxa a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, regulador da base imponible, cota e devindicación, o artigo 4 relativo á xestión.

Visto o artigo 4º bis. 3) da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obra que establece unha bonificación do 95% da cota a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

Visto o artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Visto o artigo o artigo 127.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación da liquidación provisional resultante da comprobación da autoliquidación, segundo o seguinte detalle:

NIF	SUXEITO PASIVO	BASE IMPOÑIBLE	TG	COTA TRIBUTARIA	BONIF 95%	COTA LÍQUIDA	COTA INGRES	DIFER
179958***	JOSE LUIS UZQUIANO RUIZ	20.750,00 €	1%	207,50 €	197,12 €	19,83 € (D.M.)	19,83 €	0,00 €
179958***	JOSE LUIS UZQUIANO RUIZ	20.750,00 €	3%	622,50 €	591,37 €	31,12 €	0,00 €	31,12 €
TOTAL						80,95 €	19,83 €	31,12 €

“

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza urbanística para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Alexandre Bóveda, número 3, con referencia catastral 7543027PH1674S , a nome de D. JOSÉ LUÍS UZQUIANO RUÍZ.

A edificación sitúase en solo urbano, ordenanza reguladora zona 2, quinteiro pechado.

O proxecto técnico é redactado polo arquitecto D. Juan S. Lareo Sánchez, quen é á súa vez director de obra; o director da execución de obra é D. Carlos Iván Lantes Candal e o coordinador de seguridade e saúde é D. José Luís Uzquiano Ruíz.

O presuposto é de 20.750,00 euros.

SEGUNDO.- A efectividade da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento da seguinte condición en execución de obra:

Deberán cumprirse as condicións contidas no informe do Servizo de Arquitectura transcrito no Decreto 2328/2023, do 14 de marzo de 2023, polo que se exceptúa do cumprimento das condicións de habitabilidade.

TERCEIRO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por culpa da súa interrupción. O prazo máximo de iniciación será de SEIS MESES, e o de terminación de DEZAOITO MESES, dende a data da notificación do acordo de concesión da licenza, e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

CUARTO.- Aprobar a liquidación provisional da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalación e obras, proposta polo Servizo de Facenda Local o 14 de marzo de 2023.

QUINTO.- A resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar aos interesados, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

A.- Contra a resolución do outorgamento de licenza urbanística, poderá interpoñer: recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

B.- Contra a resolución da liquidación, poderá interpoñer: recurso potestativo de reposición, previo á reclamación económico-administrativa, ante o órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, art. 14 do R. d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente, poderá interpoñer reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo no prazo de un MES de acordo co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que é previa e obrigatoria á interposición do recurso contencioso-administrativo.

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros e recargas.

Non obstante, poderá suspenderse a execución do acto impugnado mentres dure o trámite do recurso, coa presentación dalgunha das seguintes garantías:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

- a) Depósito en diñeiro efectivo.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco ou caixa de aforros cando o débito exceda de 1.500 €.
- c) Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, para débitos que non excedan da cantidade de 1.500 €.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA

PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo indicado sen que se producise o ingreso, esixirase o seu cobramento pola vía de constrinximento, coas recargas e custas que procedan.

LUGAR DE INGRESO

Para a realización do pago deberá recollerse a carta de pago no Servizo de Facenda Local, sito no edificio das oficinas municipais sito na ronda da Muralla, 197, 2º andar (antigo Seminario Menor), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, a correspondente carta de pagamento, e o seu ingreso efectuarase nas oficinas de ABANCA, BBVA, CAIXABANK, ou BANCO SABADELL.

Tamén poderá solicitar a carta de pago a través do correo electrónico (tasasobras@lugo.gal).

3/162 LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE INTERVENCIÓN EN PLANTA BAIXA E AMPLIACIÓN EN PLANTA ALTA PARA USO DE VIVENDA EN BOSENDE DE ABAIXO, SAN PEDRO FIZ DE MUXA (2021/Y001/000108).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Licenzas, do 24 de marzo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“O 15 de abril de 2021, preséntase solicitude de licenza urbanística para legalización de intervención en planta baixa e ampliación en planta alta, para uso de vivenda en Bosende-San Pedro Fiz de Muxa, segundo o proxecto técnico presentado e a documentación que incorpora o 16 de xuño de 2022.

1.- PROPOSTA DO SERVIZO DE LICENZAS

Formulada petición de licenza, iníciase o procedemento e solicítaselle informe ao Servizo de Arquitectura Municipal, que o emite o 30 de marzo de 2022,

indicando deficiencias. O 22 de xuño de 2022, o interesado achega nova documentación, que serviu de base para que o Servizo de Arquitectura municipal emita novo informe:

“Referencia: 2021-Y001-000108-1

Promotor: Celso Cancio Monteseirín.

Situación: Bosende de Abaixo- Muxa San Pedro Fiz

Referencia catastral: 27900 A5160 00730 001EB.

Descrición do proxecto:

Proxecto básico e de execución para intervención en edificación tradicional:

- *Legalización de intervención en planta baixa.*
- *Ampliación en planta alta.*
- *Uso: vivenda.*

Técnico Redactor: Carmen Rodríguez Geada (arquitecta)

Oficios:

Director de obra: Carmen Rodríguez Geada (arquitecta)

Director de Execución: Manuel Martín Iglesias (arquitecto técnico)

Coordinador de Seguridade e Saúde: Manuel Martín Iglesias (arquitecto técnico)

A obra que se solicita infórmase tecnicamente en canto ás condicións urbanísticas, normativa e ordenanzas descritas nos puntos seguintes deste informe, sen prexuízo doutras normativas que lle sexan de aplicación e cuxa fiscalización é competencia doutros organismos e a salvo dos que poidan sinalar os informes xurídicos sobre a conformidade da licenza solicitada coa legalidade urbanística, advertindo que o proxecto presentado ante o concello, adquire carácter de documento público e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor para todos os efectos; todo iso segundo o disposto no artigo 143 da Lei 2/2016 da Lei do Solo de Galicia (LSG).

Documentación do proxecto:

- *Proxecto básico e de execución de data 15 de abril de 2021.*

Presenta nova documentación don data 23 de xuño do 2022.

Documentación achegada, entre outra, en anexo de data 23 de xuño de 2022:

- *Documentación fotográfica completa do estado interior e exterior da edificación.*
- *Para a zona na que se queren legalizar actuacións: acreditación do estado anterior á intervención.*
- *Planos de estrutura das actuacións para legalizar.*
- *Planos de detalle construtivo. Das actuacións que se pretenden legalizar e da ampliación.*
- *Planos de instalacións de calefacción das dúas plantas: Descrición gráfica e dimensional das redes de cada instalación, plantas, seccións e detalles (CTE- Parte I- Anejo I).*
- *Memoria de sistemas de acondicionamento e instalacións. Segundo CTE- Parte I- Anejo I.*

INFORME TÉCNICO

1.- Condicións Urbanísticas

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Este informe elabórase en base á ordenación establecida no plan aprobado definitivamente.

Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM -2011).

Aprobado definitivamente por orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 29 de abril de 2011, e que entrou en vigor de día 5 de marzo de 2012.

Folla do PXOM:

2.22 Estrutura territorial. Tomo 1.

32.2 Bosende de Abaixo- (Muxa San Pedro Fiz).

Clasificación do chan: Núcleo Rural

Ordenanza reguladora: 14.Núcleo Rural. As actuacións xustifícanse polo artigo 40 da Lei do Solo de Galicia.

Condicións de uso: Específico: Vivenda unifamiliar.

Densidade de edificación: Non procede. Trátase dun proxecto de rehabilitación e ampliación.

Condicións de volume: Xustifica o seu cumprimento.

Condición artigo 40 da Lei do Solo de Galicia: Cumpre.

Volume da construción existente: 368,48 m3.

*368,48 *0,5=184,24 m3*

Volume engadido: 133,37 < 184,24 m3

PXOM

Art. 108. Altura libre mínima de planta.

É a distancia entre a cara inferior do teito dunha planta e o pavimento da mesma planta, ambos totalmente terminados (incluído falso teito) e medidos no seu punto máis desfavorable en caso de escalonamiento en planta.

.....

Vivenda: 2,60 metros mínimo para a planta baixa e planta tipo, admitíndose 2,40 metros en corredores, aseos e locais de servizo. En plantas baixo cuberta cuberta o espazo habitable non poderá ter unha altura libre inferior a 1,50 m en ningún punto.

O forxado de teito da planta baixa renovouse, tal como se reflexa no presuposto. Con todo nas fotos que presenta con data 23 de xuño de 2022 compróbase que non se podía incrementar a altura do forxado de teito da planta baixa sen afectar a estrutura de cuberta.

Recuamentos da ampliación solicitada: Non procede. Edificación tradicional existente. Actuacións xustificadas polo artigo 40 da Lei do Solo de Galicia.

Cerramentos de parcela:

Existen cerramentos tradicionais.

Solicitou aliñacións.

Prazas de garaxe vinculadas: Dispón de sitio na parcela para aparcar.

Normas sobre patrimonio: Non se atopa na contorna de protección de ningún elemento.

Condicións estéticas: Xustifica o seu cumprimento.

Adaptación ao ambiente: Cumpre.

Regulamento Lei do Solo. Art. 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

PXOM. Art. 133 Salvagarda da imaxe urbana.

INFORMES DOUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS:

Enxeñería:

- *Servizos: Informou Enxeñería.*
- *Aliñacións: Informou Topografía.*

Arqueoloxía: Non se atopa en zona de protección arqueolóxica.

INFORMES SECTORIAIS

Non consta a necesidade de ningún.

Folla Plan Básico: 0097A-0801.

2.- Normativa de habitabilidade

- *Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.*

Para excluír do cumprimento das NHV-2010 as actuacións que se pretenden legalizar ha de xustificar o cumprimento de todas as condicións do artigo 14.

A condición C4.Apartado I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas non se cumpre. Non obstante entendo que podería ser obxecto dun trámite de excepción. Nese caso deberá tramitarse o mesmo.

(1.3. Trámite de excepción en actuacións de rehabilitación ou ampliación en edificacións ou vivendas existentes, ou en solares residuais en centros históricos ou núcleos rurais tradicionais.

1. Criterios ou condicións determinantes da excepción.

f) Nos casos de remodelación de vivendas recollidos no artigo 14 cando se xustifique a imposibilidade do cumprimento das determinacións do artigo 14 punto 1 apartado C do presente decreto ou a necesidade de incrementar o número de estancias en función das necesidades dos usuarios das mesmas ou debido a que algunhas pezas das vivendas resultan excesivamente grandes segundo os estándares actuais das vivendas).

Condición C.6. Apartado I.A.5. Salubridade. Apartado b). Deberá xustificar o seu cumprimento.

3.- Normativa de accesibilidade

- *Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas.*

- *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei.*

- *Decreto 74/2013, do 18 de abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.*

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por RD. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA).

Non procede. Vivenda unifamiliar.

4.- Normativa acústica

- Ordenanza xeral municipal reguladora dá contaminación acústica.

- Real Decreto 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/07, polo que se aproba o Documento Básico "DB- HR Protección fronte ao ruído" do Código Técnico da Edificación.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído

- R. D. 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a lei 37/2003, no referente á valoración e xestión do ruído ambiental.

- R. D. 1367/2007, de 19 outubro, que desenvolve a lei 37/2003, referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

- Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia.

A autora presenta documentación na que xustifica esta normativa.

5.- Normativa ambiental

- Ordenanza municipal de protección ambiental:

A autora presenta documentación na que xustifica esta normativa.

6.- Normativa de seguridade contra incendios

- R. d. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación: DB SE. Seguridade en caso de incendio.

A autora presenta documentación na que xustifica esta normativa.

Prazo de execución: 36 meses.

Valoración:

O PEM: 88.473,38 €

O PMB: 94.058,28 €

rehabilitación 94,62 m2 *410,77* 1* 1,1=42.753,76

ampliación 94,62 m2 *410,77 *1,20* 1,1=51.304,28

Total: 94.058,28

Conclusións: O proxecto queda pendente da análise da documentación para presentar."

O 25 de maio de 2022, o Servizo de Enxeñería emitiu informe no relativo a servizos do teor literal seguinte:

"Nº Expediente: 2021-Y001-000108

Promotor: Celso Cancio Monteseirín

Situación: Bosende de Abaixo, San Pedro Fiz de Muxa

Referencia catastral: 27900A516000730001EB

Descrición: Legalización e ampliación de vivenda unifamiliar

En resposta á Providencia do Servizo de Licencias en relación coa tramitación do expediente de licenza de obra maior de referencia, emítese o seguinte informe técnico en canto ás condicións relativas a servizos.

INFORME TÉCNICO

A parcela conta con acceso por vía pública pavimentada, e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, rede de saneamento, subministración de enerxía

eléctrica e alumado público nas proximidades, os cales se atopan en xeral en bo estado de conservación.

Á vista da documentación aportada dedúcese que se proxecta a conexión da nova edificación soamente a rede de abastecemento resolvendo a evacuación de augas residuais mediante unha fosa séptica estanca.

Segundo informe do responsable do taller de augas de data 26 de abril de 2021 a parcela obxecto de informe conta con rede de abastecemento público pola súa marxe pero non conta con acometida.

En canto ó saneamento, segundo consta nos arquivos deste servizo, non se ten constancia de incidencias ó respecto, polo que se pode supoñer que a rede se atopa en bo estado de conservación é funcionamento.

Segundo o artigo 5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

"5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos."

Ademais segundo a ORDENANZA FISCAL NÚMERO 107 de Taxas pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no artigo 1º. Natureza, obxecto e fundamento:

"2. Serán obxecto deste tributo:

a) A rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excrecións, augas negras e residuais, en beneficio dos terreos sitos no termo municipal; é obligatoria esta utilización cando sexa tecnicamente posible e o terreo non se encontre a máis de cen metros da rede de sumidoiros."

Condicións particulares:

- *Existe rede de abastecemento de auga potable e saneamento municipal. Deberá solicitarse a oportuna licenza urbanística para a conexión das acometidas.*
- *A subministración de auga resolverase dende a rede municipal conforme aos criterios reflectidos no plano de infraestruturas do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do Municipio de Lugo.*
- *A acometida de abastecemento de auga será única, en PEAD de diámetro mínimo 40 mm. En caso de que o diámetro da acometida sexa maior, empregarase peza especial T en fundición dúctil. Non se admitirá máis dunha acometida de auga potable por portal, salvo a acometida de incendios independente da acometida particular. En todo caso, considérase privada en canto á conservación e mantemento o tramo de acometida que discorre pola vía pública comprendido entre a fachada do edificio e a rede de distribución de abastecemento.*
- *A acometida de saneamento particular do edificio será única, en PVC de diámetro mínimo 160 mm. As acometidas de saneamento deberán realizarse sempre pola parte superior do tubo mediante pezas especiais tipo inxerto-click. E, en caso de levarse a pozo, deberá executarse a unha cota superior á da parte superior do tubo de desaugue. En todo caso,*

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

considérase privada en canto á conservación e mantemento o tramo de acometida que discorre pola vía pública comprendido entre a fachada do edificio e a rede de distribución de abastecemento.

- A rede de saneamento será estanca na súa totalidade. No caso de presentar filtracións ou detectalas durante a execución das obras, procederá á renovación da infraestrutura no seu fronte de parcela mediante a substitución da tubería existente por tubería de PVC SN-4 parede compacta de sección hidráulica equivalente (ou diámetro mínimo 315mm), pozos de rexistro nos extremos do tramo renovado e execución de nova acometida de saneamento, así como conexión de sumidoiros, de ser o caso.
- En solo de núcleo rural, as novas liñas de electricidade e telecomunicacións serán soterradas (art. 209 e 228 do Plan básico autonómico de Galicia)

Condições xerais:

Queda totalmente prohibida a execución sobre a calzada, ou espazo público, de redes auxiliares e específicas da edificación.

Para realizar as conexións de acometidas coas redes municipais, solicitaranse as licencias e autorizacións pertinentes ao Concello. Na autorización, o servizo municipal correspondente indicará as características da execución e os materiais auxiliares a empregar. Darase conta a este Servizo da data de execución das acometidas e aportaranse fotografías das conexións unha vez realizadas e antes do tapado da gabia.

Todos os servizos que puidesen ser deteriorados durante as obras deberán repoñerse cos mesmos materiais ao seu estado orixinal.

A reposición de firmes e calquera outra infraestrutura deteriorada pola execución da obra será a cargo íntegramente do promotor, non limitándose estrictamente á superficie de gabia aberta senón que deberá asegurar polo menos a mesma funcionalidade da vía ou camiño existente con anterioridade á obra.

Coidarase especialmente o recheo de gabias situadas nos viais, que se realizará con solo seleccionado, preferentemente procedente de préstamos, coa súa humidade óptima, colocado en tongadas de 30 cm e compactado ata o 95% do Próctor Normal e ata o 100% nos últimos 50 cm ata a coroación.

No que se refire aos accesos da parcela, cinguiranse por completo á rasante dos camiños actuais, non permitíndose ningunha actuación ao respecto que modifique a conformación dos mesmos.

O deseño en planta dos accesos formará un ángulo o máis perpendicular posible co eixo da calzada.

As portas que se dispoñan no acceso non abrirán en ningún caso cara á estrada e situaranse fóra das zonas de dominio público.

Cando non se posible manter a continuidade da drenaxe lonxitudinal da calzada mediante unha cuneta rebasable, deberase garantir mediante conducións de dimensións suficientes.

En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda do vial e impedirase a chegada de augas de escorrega desde o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, embornais ou reixas corridas no acceso.

O acceso afirmarase en todo o ancho, desde a aresta exterior da calzada. O pavimento estará constituído por mestura bituminosa, formigón ou tratamento superficial mediante rega con grava bicapa.

Nas cuestións de dúbida, seguiranse os criterios do Servizo de Enxeñería.

Darase conta do inicio dos traballos a este Servizo, a fin de revisar a correcta execución dos mesmos.

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse nos informes xurídicos que se emitan.”

O 18 de maio de 2022, o Servizo de Enxeñería (Topografía) emitiu informe no que se observan deficiencias. O 22 de xuño, o interesado achega nova documentación. Analizada esta polo Servizo de Enxeñería Topografía, requíreselle informe ao Servizo de Arquitectura para ditaminar se os peches teñen ou non carácter tradicional e deben ser mantidos ou conservados. O 13 de decembro de 2022, o Servizo de Arquitectura emite informe no que pon de manifesto que á vista da documentación obrante no informe do Servizo de Enxeñería-Topografía (fotografías e cartografía), non hai dúbida do carácter tradicional dos tramos de muro sinalados no informe de topografía así como a obriga da súa conservación.

Igualmente, o 23 de decembro de 2022, emite informe o Servizo de Enxeñería (Topografía), no que fai constar:

“INFORME SOBRE ALIÑACIÓNS EN RELACIÓN CON EXPTE. DE OBRA MAIOR 2021-Y001-000108

En resposta á Providencia do Servizo de Licencias , en relación coa tramitación do expediente de Obra Maior 2021-Y001-000108 para legalización de acondicionamento de planta baixa e ampliación para unha vivenda unifamiliar en Bosende de Abaixo nº17, Lugo; tendo en conta o establecido nos art. 21.2 Obra Maior e art.28.2. Alineacións e Rasantes Oficiais do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, emítese o seguinte informe:

INFORMO:

Persoados no lugar obxecto de informe, aos efectos de realizar as comprobacións oportunas respecto da nova documentación gráfica achegada polos solicitantes, obsérvase a existencia dun pechamento no perímetro da parcela obxecto de aliñacións, nas súas colindancias coas vías públicas, ditaminándose polo servizo de Arquitectura que o dito peche ten carácter tradicional.

Á vista do informe do servizo municipal de Arquitectura, e en virtude do previsto no art. 28.2º do vixente PXOM, “en solo de núcleo rural, cando existan cerramentos tradicionais, será obrigatoria a solicitude de aliñacións”, haberá de solicitarse a fixación de aliñacións e rasantes.

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, no que atinxe á Unidade de Topografía, sen prexuízo do que poida sinalarse nos informes xurídicos e técnicos que se emitan nos departamentos correspondentes.”

O 2 de febreiro de 2023, o interesado solicita sinalamento de aliñacións e rasantes para a parcela 27900A516000730001EB. Igualmente, coa mesma data, solicita excepcionalidade das condicións de habitabilidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Por Decreto número 1395/2023, do 16 de febreiro de 2023, resolveuse: As aliñacións e rasantes para a parcela sita en Bosende de Abaixo, con referencia catastral 27900A516000730001EB, son as sinaladas e grafadas no plano a escala 1:250, polo Servizo de Enxeñería. O que se lle traslada ao solicitante D. Celso Cancio Montesión.

Solicítase a excepcionalidade do cumprimento dalgunhas determinacións da normativa de habitabilidade, tramitándose no procedemento 2023/Y018/000006, que finalizou co acordo adoptado por Decreto número 2502/2023, do 20 de marzo de 2023, no que se resolve:

Exceptuar do cumprimento das condicións dos apartados: I.A.1, I.A.2 e I.A.3 do anexo I, do Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, na actuación de intervención en edificación tradicional, en Bosende de Abaixo, San Pedro Fiz de Muxa.

De conformidade co informe do 16 de marzo de 2023, elaborado pola Arquitecta Municipal, que se transcribe na súa integridade, sendo a solicitude formulada por D. Celso Cancio Montesión.

O 17 de marzo de 2023, o Servizo de Arquitectura emitiu informe no que se fai constar:

"DATOS DO PROXECTO:

Referencia: 2021-Y001-000108

Referencias catastrais achegada polo solicitante: 27900A516000730001EB

Solicitante: Celso Cancio Montesión

Situación: Bosende de Abaixo, nº17 – Muxa San Pedro Fiz

Autor do proxecto: Carmen Rodríguez Geda.

Dirección de obra: Carmen Rodríguez Geda.

Dirección da execución de obra: Manuel Martín Iglesias

Coordinador de seguridade e saúde: Manuel Martín Iglesias

Descrición do proxecto: Proxecto básico e de execución para intervención en edificación tradicional, consistente na legalización da planta baixa e ampliación da planta primeira, mantendo o uso preexistente de vivenda unifamiliar.

INFORME TÉCNICO COMPLEMENTARIO AO EMITIDO CON DATA 26.07.2022:

A obra que se solicita infórmase exclusivamente dende o punto de vista técnico en canto ás condicións urbanísticas, normativa e ordenanzas descritas nos puntos seguintes deste informe, sen prexuízo doutras normativas que lle sexan de aplicación e cuxa fiscalización é competencia doutros organismos e a salvo en todo caso do que poidan sinalar os informes xurídicos sobre a conformidade da licenza solicitada coa legalidade urbanística, advertindo que o proxecto presentado ante o concello adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor para todos os efectos, todo iso segundo o disposto no artigo 143 da Lei 2/2016 da Lei do Solo de Galicia.

1-INFORMES DOUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS:

- Servizos: consta informe do servizo de Enxeñería.

- Aliñacións: consta informe de Topografía. Aliñacións fixadas no decreto 1395/2023. A solución proposta axustase ás aliñacións fixadas.

- Arqueoloxía: non se atopa a intervención nunha zona de protección arqueolóxica.

2- **NORMATIVA DE HABITABILIDADE:**

- Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Achégase ao expediente 2021-Y001-000108, a solicitude de excepcionalidade de cumprimento das condicións de habitabilidade recollidas no decreto 29/2010.

O expediente de excepcionalidade con referencia 2023/Y018/000006 foi informado favorablemente con carácter previo ao presente; e terase en conta para o outorgamento da licenza.

1. **AVALIACIÓN:**

Valoración:

O orzamento de Execución Material (PEM) do proxecto é: 88.473,38 €

O orzamento segundo os módulos básicos (PMb) é: 94.058,28 €

-Rehabilitación total da vivenda 290,85 m² *410,77* 1* 1,1=42.753,76 €

-Ampliación 94,62 m² *410,77 *1,20* 1,1=51.304,28 €

2.-**PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA:** 36 meses

CONCLUSIÓNS:

O proxecto contén documentación na que se xustifica o cumprimento da normativa a supervisar polo Servizo de Arquitectura. Tendo en conta o expediente de excepcionalidade informado favorablemente con referencia 2023-Y018-000006 e o cumprimento das aliñacións fixadas no decreto 1395/2023, emítase o presente informe en sentido favorable.”

Trátase dun acto suxeito a previa licenza, sitúase no solo clasificado como de núcleo rural que segundo o establecido no artigo 40 e disposición transitoria primeira 1. d) da Lei 2/16 do solo de Galicia, as edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, etc. A edificación é de carácter tradicional ao constar o ano de construción de 1920 segundo consta na folla de referencia catastral. O Servizo de Arquitectura verificou que o proxecto técnico presentado é completo, e xustifica o cumprimento das determinacións para verificar nas licenzas, segundo o establecido no artigo 142 e seguintes da Lei 2/16 do solo de Galicia. Conta con informe do Servizo de Enxeñería no que se establecen as condicións para cumprir en execución de obra. Conta co acordo de excepcionalidade do cumprimento das condicións NHV-2010, para a obra que se tramita, polo que se debe finalizar o procedemento mediante a adopción de resolución.

2.- PROPOSTA DE ACORDO DO SERVIZO DE FACENDA LOCAL

O Servizo de Facenda Local, o 20 de marzo de 2023, formula a proposta do teor literal seguinte:

“NÚM. DE EXPEDIENTE: 2021/Y001/000108

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

SUXEITO PASIVO: CELSO CANCIO MONTESERÍN**OBRA: LEGALIZACION E AMPLIACION VIVIENDA SITA EN BOSENDE DE ABAIXO, 17, MUXA SAN PEDRO FIZ**

As obras que se autorizan están suxeitas á obriga do pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos nos termos fixados no art. 20 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o abeiro do establecido na Ordenanza núm. 103 (tipo de gravame 1%) e do imposto sobre construcións, instalación e obras, art. 100 e seguintes do citado texto legal e da Ordenanza núm. 202 (tipo de gravame 3%).

De acordo co Informe Técnico emitido polo servizo de arquitectura, ás devanditas obras correspóndenlles unha unha valoración de: 94.058,28 € €

Vistas as autoliquidacións núm. 10738380, ingresada polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, y la núm. 10738379 ingresada polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras de acordo co seguinte detalle:

Obra ampliación:

NIF	SUXEITO PASIVO	BASE IMPOÑIBLE	TIPO GRAVAME	COTA TRIBUTARIA	DATA COBRO
454323***	CELSO CANCIO MONTESERIN	42.546,59 €	1 %	425,47 €	30/11/21

Legalización:

NIF	SUXEITO PASIVO	BASE IMPOÑIBLE	TIPO GRAVAME	COTA TRIBUTARIA	DATA COBRO
454323***	CELSO CANCIO MONTESERIN	45.926,79 €	1 %	459,27 €	5/12/21
454323***	CELSO CANCIO MONTESERIN	45.926,79 €	3 %	1.377,80 €	5/12/21
		TOTAL INGRESADO		1.837,07 €	5/12/21

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm.103 reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos regulador da base de gravame e tarifas, artigo 5 regulador da norma especial sobre o ingreso da cota, o artigo 9 relativo á tramitación.

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, regulador da base imponible, cota e devindicación, o artigo 4 relativo á xestión.

Visto o artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

Visto o artigo o artigo 127.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación da liquidación provisional resultante da comprobación da autoliquidación, segundo o seguinte detalle:

NIF	SUXEITO PASIVO	CONCEPTO TRIBUTARIO	BASE IMPOÑIBLE	TIPO GRAVAME	COTA TRIBUTARIA	COTA INGRESADA	DIFERENZA A INGRESAR
454323***	CELSO CANCIO MONTESERIN	TAXA LICENZA URBANISTICA	94.058,28 €	1%	940,58 €	884,74 €	55,84 €
454323***	CELSO CANCIO MONTESERIN	ICIO	94.058,28 €	3%	2.821,75 €	1.377,80 €	1.443,95 €

TOTAL 3.762,33 € 2.262,54 € 1.499,79 €

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza urbanística para legalización de intervención en planta baixa e ampliación en planta alta, para uso de vivenda en Bosende de Abaixo, San Pedro Fiz de Muxa, vivenda tradicional con referencia catastral 27900 A5160 00730 001EB, a nome de D. CELSO CANCIO MONTESERÍN.

A edificación proxéctase en solo núcleo rural ordenanza reguladora: 14. Núcleo rural.

O proxecto técnico é redactado pola arquitecta D.^a Carmen Rodríguez Geada, quen é á súa vez directora de obra. O director de execución e coordinador de seguridade e saúde é D. Manuel Martín Iglesias.

O presuposto da obra é de 94.058,28 euros.

As aliñacións e rasantes son as sinaladas no Decreto 1395/2023, do 16 de febreiro de 2023.

SEGUNDO.- A efectividade da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

- Deberán cumprirse as condicións contidas no informe do Servizo de Arquitectura transcrito no Decreto 2502/2023, do 20 de marzo de 2023, polo que se exceptúa do cumprimento das condicións de habitabilidade.

- Deberá cumprir as condicións xerais e particulares sinaladas no informe do Servizo de Enxeñería emitido o 25 de maio de 2022.

- Deberá dispoñer na obra de copia do acordo de outorgamento da licenza e colocación dun cartel indicador no que se faga constar o contido no artigo 357.6 do Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016 que desenvolve a Lei do solo de Galicia.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

TERCEIRO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por culpa da súa interrupción. O prazo máximo de iniciación será de SEIS MESES, e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data da notificación do acordo de concesión da licenza, e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

CUARTO.- Aprobar a liquidación provisional da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalación e obras, proposta polo Servizo de Facenda Local o 20 de marzo de 2023.

QUINTO.- A resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar aos interesados, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

A.- Contra a resolución do outorgamento de licenza urbanística, poderá interpoñer: recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

B.- Contra a resolución da liquidación, poderá interpoñer: recurso potestativo de reposición, previo á reclamación económico-administrativa, ante o órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, art. 14 do R. d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente, poderá interpoñer reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo no prazo de un MES de acordo co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que é previa e obrigatoria á interposición do recurso contencioso-administrativo.

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros e recargas.

Non obstante, poderá suspenderse a execución do acto impugnado mentres dure o trámite do recurso, coa presentación dalgunha das seguintes garantías:

- a) Depósito en diñeiro efectivo.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco ou caixa de aforros cando o débito exceda de 1.500 €.
- c) Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, para débitos que non excedan da cantidade de 1.500 €.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA

PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo indicado sen que se producise o ingreso, esixírase o seu cobramento pola vía de constrinximento, coas recargas e custas que procedan.

LUGAR DE INGRESO

Para a realización do pago deberá recollerse a carta de pago no Servizo de Facenda Local, sito no edificio das oficinas municipais sito na ronda da Muralla, 197, 2º andar (antigo Seminario Menor), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, a correspondente carta de pagamento, e o seu ingreso efectuarase nas oficinas de ABANCA, BBVA, CAIXABANK ou BANCO SABADELL.

Tamén poderá solicitar a carta de pago a través do correo electrónico (tasasobras@lugo.gal).

4/163 LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN EXISTENTE PARA GARDA DE ÚTILES DE LABRANZA EN RÉXIME DE AUTOCONSUMO, EN SAN LORENZO DE RECIMIL (2022/Y001/000287).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Licenzas, do 24 de marzo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Presentada, o 21 de outubro de 2022, a solicitude de licenza urbanística para legalización de construción existente para garda de útiles de labranza en réxime de autoconsumo, en San Lourenzo de Recimil, segundo a documentación técnica presentada no procedemento 2021/Y001/000124, que fai valer xunto coa documentación incorporada no recurso de reposición (2022/P014/00008).

1.- PROPOSTA DO SERVIZO DE LICENZAS

Formulada petición de licenza urbanística, iníciase o procedemento e solicítaselle informe ao Enxeñeiro Técnico Municipal que o emite, o 17 de marzo de 2023, no que se pon de manifesto:

“Promove: Jesús Martínez Bruzos

Situación: San Lourenzo de Recimil (Lugo)

Título do Proxecto: “Proyecto de legalización de alpendre”.

Descrición do Proxecto:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Legalización de construción existente para garda de útiles de labranza en réxime de autoconsumo.

A edificación ten planta baixa en forma de letra L (66,76 m²), con muros de carga de bloques de formigón sobre os que asenta a estrutura de viguetas de madeira da cuberta metálica, paramentos enfoscados e pintados polo exterior en cor ocre, soleira de gres, cuberta a dúas augas de chapa e con carpintaría de chapa para as portas e madeira para fiestras e contras; Consta de solado de formigón exterior, de 16,91 m².

Técnica redactora: Rocío Vázquez López. Enxeñeira Técnica Agrícola.

Dirección de obra: Trátase dunha legalización (non precisa).

A obra que se solicita infórmase no tocante ás condicións urbanísticas, normativa e ordenanzas descritas nos puntos seguintes, sen prexuízo doutras normativas que lle sexan de aplicación e cuxa fiscalización é competencia doutros organismos. Segundo o disposto no artigo 143 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia (L.S.G.), unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo responde o seu autor/a para todos os efectos.

Vista a documentación aportada e tendo en conta o expediente relacionado 2021/Y001/000124, procede informar o seguinte:

1.- Condicións Urbanísticas

Este informe elabórase en base á ordenación establecida no plan aprobado definitivamente de forma parcial por orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 29 de abril de 2011, e que entrou en vigor o día 5 de marzo de 2012. Plan Xeral de Ordenación Municipal (P.X.O.M. - 2011).

Folla do P.X.O.M: Folla 2.30 do plano 1/5000. Estrutura Territorial.

Referencia Catastral: 27900A50200051. POLIGONO 502 PARCELA 51

Clasificación e categoría do solo:

Solo Núcleo Rural Tradicional PXOU-90

A parcela onde se atopa a edificación está situada no ámbito Recimil-Vilar (núm.: 45.1) que quedou á marxe da orde de aprobación do PXOM-11. O réxime de aplicación que lle corresponde é o Plan Xeral anterior revisado e aprobado definitivamente por resolución do conselleiro de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de 27 de decembro de 1990, en vigor dende o 4 de febreiro de 1991 (PXOU-90). Segundo este Plan Xeral, a parcela ten clase de solo NRT (Núcleo Rural Tradicional). A este tipo de solo aplícaselle, segundo a D.T. 1ª da Lei 2/2016 e D.T. 2ª do Regulamento de desenvolvemento desta (Decreto 143/16), o disposto no planeamento respectivo.

Ordenanza/Norma reguladora:

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), modificada pola Lei 7/2019, de 23 de decembro.

- Decreto 143/2016, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, modificado polo D. 92/2019, de 11 de xullo.

- Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.

- PXOU-90 LUGO

Infraccións urbanísticas e outras: Consta I.U. 2021 U030/133

Condicións de edificación:

Servizos: A parcela conta con acceso rodado de uso público mediante pista asfaltada (camiño da Pontevella), abastecemento de auga procedente de pozo, subministro de enerxía eléctrica e saneamento (consta de foxa séptica).
informe favorable Enxeñería.

Condicións estéticas: Xustifica .

Volume da edificación: S= 66,76 m² Altura= 2,52 m.

Condicións de altura: Cumpre. Altura = 2,52 - 2,71 m.

Condicións de posición e implantación:

Superficie mínima da parcela: Cumpre. Superficie total: 1055,00 m²

Recuamentos a lindeiros e vías públicas: Cumpre. Recuamento de 5 m a todos os lindeiros laterais e posterior. Xustifica, respecto á vía pública

Ocupación máxima: Cumpre.

Condicións de uso:

Segundo o establecido para a ZONA 14. EDIFICACIÓN NOS NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS DO MUNICIPIO do PXOU-90 e para usos compatibles encaixa en:

- Demais usos autorizados para o solo non urbanizable (usos agrícolas, forestais ou pecuarios) -

2.- Normas sobre patrimonio:

As obras solicitadas atópanse fóra dos ámbitos de protección.

3.- Normativa acústica:

- Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Xustifica

4.- Normativa medioambiental:

- Ordenanza municipal de protección ambiental. Xustifica

5.- Normativa de seguridade contra incendios forestais :

- Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención y defensa contra incendios forestales en Galicia. (modificada por la Ley 3/2018, de medidas fiscales y administrativas).

Xustifica

Actividade:

Segundo xustifica no proxecto, trátase dun alpendre para garda de útiles de labranza, en réxime de autoconsumo, polo que non é de aplicación o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Valoración:

O PMb segundo a ordenanza municipal é de: 9872,47 €.

Valoración aportada polo solicitante: 11 608,89 €

Prazo finalización: 24 meses

Conclusións:

A autora deste proxecto xustifica o cumprimento da normativa a supervisar por este Servizo e que consta neste informe, polo que se emite informe favorable.”

○ 16 de marzo de 2023, o Servizo de Enxeñería municipal emitiu informe no que se fai constar:

“Nº Expediente: 2022-Y001-000287

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

Promotor: Jesús Martínez Bruzos

Situación: San Lourenzo de Recimil (Lugo)

Referencia catastral: 27900A50200613

Descrición: Proxecto de legalización de alpendre

En resposta á Providencia do Servizo de Licencias en relación coa tramitación do expediente de licenza de obra maior de referencia, emítese o seguinte informe técnico en canto ás condicións relativas a servizos.

INFORME TÉCNICO

Na plataforma de tramitación electrónica o expediente 2022/Y001/000287 está relacionado co expediente 2021/Y001/000124. Éste á súa vez está relacionado cos expedientes 2022/G004/000599, 2022/P014/000089 e 2022/T028/000292.

No expediente que se informa consta presentada solicitude de licenza con data 21.10.2022, pola que se remite á documentación do expediente 2021/Y001/000124. Asimesmo, consta documentación do expediente 2022/P014/000089 (recurso potestativo de reposición interposto contra a Resolución da XGL de 20.07.2022 en relación co procedemento 2021/Y001/000124).

Emítese o presente informe en base á documentación que consta no expediente 2021/Y001/000124 e á documentación cargada relativa ao expediente 2022/P014/000089.

De acordo co estipulado no artigo 24.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (redacción segundo o apartado 3 do artigo 14 da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas):

“Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. No caso das redes de abastecemento de auga e saneamento, esta conexión só será esixible cando existan redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas na lexislación sectorial de augas, autorizadas e con capacidade de servizo suficiente.

No caso de non esixirse a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse estas por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación.”

A parcela conta con acceso rodado de uso público e posibilidade de conexión á rede de enerxía eléctrica existente no núcleo rural ou nas súas proximidades.

Executarase a conexión coa dita rede.

O abastecemento de auga e a evacuación e tratamento de augas residuais resólveo por medios individuais con cargo ao promotor da edificación, ao carecer de redes de abastecemento e saneamento.

Na documentación presentada o 05.05.2021 (exp. 2021/Y001/000124) consta plano acoutado (plano U_02) no que xustifica a distancia mínima entre pozo e fosa e recuamentos a lindeiros.

Na documentación presentada o 27.09.2022 (exp. 2021/Y001/000124) consta unha memoria asinada polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Salvador García Cebal, na que pon de manifesto que se instalará na parcela unha fosa estanca enterrada para acumulación de augas residuais, Modelo FE VT2.0, ECODEPUR, de capacidade 2.000 litros, coordenadas UTM (X=623607; Y=4759897). Achega ficha técnica do fabricante.

Na documentación presentada o 08.09.2022 (exp. 2022/P014/000089) consta xustificante de presentación no Organismo de Cunca da solicitude de recoñecemento de uso privativo do dominio público hidráulico por disposición legal (art. 85 RDPH), para un pozo situado na parcela catastral da construción para a que se solicita licenza.

Condicions particulares:

- Resolve o saneamento mediante depósito estanco. No trámite de comunicación previa de primeira utilización achegará un documento asinado polo técnico responsable das obras no que se recolla a información que a continuación se sinala, relativa á acumulación das augas residuais en fosa/depósito impermeable e estanco. Advertíndoselle que unha vez posta en funcionamento a instalación deberá cumprir coa normativa vixente en materia de xestión de residuos, en particular coa xestión documental dos xustificantes de entrega a xestor autorizado, a fin de que o Concello de Lugo exerza as súas competencias en materia de inspección ambiental. Así mesmo, achegará fotografías da instalación da fosa ou depósito impermeable.
- Datos do propietario da instalación (Nome e apelidos, NIF, enderezo completo).
- Ubicación da fosa/depósito impermeable e estanco (Referencia catastral, coordenadas UTM, indicación de disposición soterrado, aéreo, ou semisoterrado)
 - Características da fosa/depósito (Dimensións, capacidade, material, marca e modelo)
 - Produción e xestión de augas residuais (Estimación de volume de auga residual xerado en m³;
 - Previsión de número de retiradas anuais)
- Unha vez concedida a primeira utilización deberá darse traslado ao Servizo de Medio Ambiente da documentación relativa á acumulación das augas residuais en fosa/depósito impermeable e estanco aos efectos de poder documentar este tipo de instalacións e controlar a debida xestión e destino final dos fangos.
- Xunto coa solicitude de comunicación previa de primeira utilización aportará a comunicación de resolución do Organismo de Cunca do expediente de recoñecemento do dereito ao uso privativo e inscrición no Rexistro de Augas do pozo situado na parcela.
- En solo de núcleo rural, nas rehabilitacións e nas actuacións integrais sobre as fachadas de edificios existentes eliminaranse os tendidos vistos de instalacións, (art. 209 e 228 do Plan básico autonómico de Galicia) estando prohibido nos núcleos rurais tradicionais os novos tendidos aéreos. (art. 26 LSG)

Condicions xerais:

- Todos os servizos que puidesen ser deteriorados durante as obras deberán repoñerse cos mesmos materiais ó seu estado orixinal. A reposición de firmes e calquera outra infraestrutura deteriorada pola

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

execución da obra será a cargo íntegramente do promotor, non limitándose estrictamente á superficie de gabia aberta senon que deberá asegurar polo menos a mesma funcionalidade da vía ou camiño existente con anterioridade á obra.

- *Impedirase a chegada de augas de escorrega o viario.*
- *No que se refire aos accesos da parcela, cinguiranse por completo á rasante dos camiños actuais, non permitíndose ningunha actuación ao respecto que modifique a conformación dos mesmos.*
- *O deseño en planta dos accesos formará un ángulo o máis perpendicular posible co eixo da calzada.*
- *As portas que se dispoñan no acceso non abrirán en ningún caso cara á estrada e situaranse fóra das zonas de dominio público.*
- *Cando non sexa posible manter a continuidade da drenaxe lonxitudinal da calzada mediante unha cuneta rebasable, deberase garantir mediante conducións de dimensións suficientes.*
- *En todo caso, non se interferirá a drenaxe superficial ou profunda do vial e impedirase a chegada de augas de escorrega tanto desde o interior da parcela como desde o acceso á calzada, dispoñendo excepcionalmente, se fose preciso, embornais ou reixas corridas no acceso.*
- *O acceso afirmarase en todo o ancho, desde a aresta exterior da calzada. O pavimento estará constituído por mestura bituminosa, formigón ou tratamento superficial mediante rega con grava bicapa.*
- *Nas cuestións de dúbida, seguiranse os criterios do Servizo de Enxeñería.*
- *Darase conta do inicio dos traballos a este Servizo, a fin de revisar a correcta execución dos mesmos.*

É canto procede informar dende o punto de vista exclusivamente técnico, sen prexuízo do que poida sinalarse nos informes xurídicos que se emitan.”

A Orde do 29 de abril de 2011, do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de maio de 2011, aproba definitivamente de forma parcial o Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, resolución que deixa á marxe desa aprobación definitiva determinadas áreas entre as que se atopa o núcleo rural 45.1 Recimil, parroquia de Recimil, polo que ás obras solicitadas segue aplicándose o anterior PXOU en vigor dende 199, que clasifica os terreos como solo de núcleo rural tradicional.

As obras proxectadas están suxeitas a previa licenza urbanística, sendo o proxecto técnico presentado completo e xustificando o cumprimento da normativa urbanística e demais normativa de aplicación, para o solo clasificado polo planeamento como núcleo rural, o que foi verificado polos servizos técnicos municipais, segundo consta nos informes emitidos e anteriormente transcritos, tal e como establece a Lei 2/16, do solo de Galicia, nos artigos 142 e seguintes. En consecuencia, as obras proxectadas resultan autorizables. Conta con informe do

Servizo de Enxeñería no que se conteñen as condicións particulares e xerais que deberán ser cumpridas, polo que se debe finalizar o procedemento mediante a adopción de resolución.

2.- PROPOSTA DE ACORDO DO SERVIZO DE FACENDA LOCAL

O Servizo de Facenda Local, o 21 de marzo de 2023, formula a proposta do teor literal seguinte:

"NÚM. DE EXPEDIENTE: 2022/Y001/000287

SUXEITO PASIVO: JESUS MARTINEZ BRUZOS

OBRA: LEGALIZACION ALPENDE SITO EN SAN LOURENZO DE RECIMIL

As obras que se autorizan están suxeitas á obriga do pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos nos termos fixados no art. 20 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o abeiro do establecido na Ordenanza núm. 103 (tipo de gravame 1%) e do imposto sobre construcións, instalación e obras, art. 100 e seguintes do citado texto legal e da Ordenanza núm. 202 (tipo de gravame 3%).

De acordo co Informe Técnico emitido polo servizo de arquitectura, ás devanditas obras correspóndenlles unha unha valoración de: 11.608,89 €

Vistas as autoliquidacións núms. 11268948 y 10734833 ingresada polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co seguinte detalle:

NIF	SUXEITO PASIVO	BASE IMPONIBLE	TIPO GRAVAME	COTA TRIBUTARIA	DATA COBRO
338358***	JESUS MARTINEZ BRUZOS	11.608,89 €	1 %	116,09 €	1/12/22
338358***	JESUS MARTINEZ BRUZOS	11.608,89 €	3 %	464,36 €	29/10/21
TOTAL INGRESADO				580,45 €	

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm.103 reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos regulador da base de gravame e tarifas, artigo 5 regulador da norma especial sobre o ingreso da cota, o artigo 9 relativo á tramitación.

Visto o artigo 3 da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, regulador da base imponible, cota e devindicación, o artigo 4 relativo á xestión.

Visto o artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

Visto o artigo o artigo 127.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación da liquidación provisional resultante da comprobación da autoliquidación, segundo o seguinte detalle:

NIF	SUXEITO	CONCEPTO	BASE	TIPO	COTA	COTA	DIFERENZA
-----	---------	----------	------	------	------	------	-----------

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

	PASIVO	TRIBUTARIO	IMPOÑIBLE	GRAVAME	TRIBUTARIA	INGRESADA	A INGRESAR
338358***	JESUS MARTINEZ BRUZOS	TAXA LICENZA URBANISTICA	11.608,89 €	1%	116,09 €	116,09 €	0,00 €
338358***	JESUS MARTINEZ BRUZOS	ICIO	11.608,89 €	3%	464,36 €	464,36 €	0,00 €
				TOTAL	580,45 €	580,45 €	0,00 €

“

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza urbanística para a legalización de construción existente para garda de útiles de labranza en réxime de autoconsumo, en San Lourenzo de Recimil, na parcela con referencia catastral 27900A50200051, a nome de D. Jesús Martínez Bruzos.

A descrición da obra é a seguinte:

A edificación ten planta baixa en forma de letra L (66,76 m²) con muros de carga de bloques de formigón sobre os que asenta a estrutura de viguetas de madeira da cuberta metálica, paramentos lucidos e pintados polo exterior en cor ocre, soleira de gres, cuberta a dúas augas de chapa e con carpintaría de chapa para as portas e madeira para fiestras e contras; consta de solado de formigón exterior, de 16,91 m².

A edificación proxéctase en solo clasificado como núcleo rural tradicional no Plan xeral de ordenación urbana de aplicación. Ordenanza reguladora: as determinacións de solo rústico establecidas na Lei 2/16 do solo de Galicia.

A altura é de 2,52 m

O volume da edificación é de 66,76 m³

A superficie total da parcela é de 1.055,00 m².

O proxecto técnico é redactado pola enxeñeira técnica agrícola D.^a Rocío Vázquez López.

O presuposto da obra é de 11 608,89 euros.

SEGUNDO.- A efectividade da licenza concedida queda supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

- Deberá cumprir as condicións contidas no informe do Servizo de Enxeñería emitido o 16 de marzo de 2023.

- En ningún caso poderá destinarse o alpendre ao uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.

TERCEIRO.- Trasladarlle o acordo adoptado a Disciplina Urbanística.

CUARTO.- Aprobar a liquidación provisional da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalación e obras, proposta polo Servizo de Facenda Local o 21 de marzo de 2023.

QUINTO.- A resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar aos interesados, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

A.- Contra a resolución do outorgamento de licenza urbanística, poderá interpoñer: recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

B.- Contra a resolución da liquidación, poderá interpoñer: recurso potestativo de reposición, previo á reclamación económico-administrativa, ante o órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, art. 14 do R. d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente, poderá interpoñer reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo no prazo de un MES de acordo co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que é previa e obrigatoria á interposición do recurso contencioso-administrativo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8278254249219256676.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-3-2023

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros e recargas.

Non obstante, poderá suspenderse a execución do acto impugnado mentres dure o trámite do recurso, coa presentación dalgunha das seguintes garantías:

- a) Depósito en diñeiro efectivo.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco ou caixa de aforros cando o débito exceda de 1.500 €.
- c) Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia para débitos que non excedan da cantidade de 1.500 €.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA

PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo indicado sen que se producise o ingreso, esixirase o seu cobramento pola vía de constrinximento, coas recargas e custas que procedan.

LUGAR DE INGRESO

Para a realización do pago deberá recollerse a carta de pago no Servizo de Facenda Local, sito no edificio das oficinas municipais sito na ronda da Muralla, 197, 2º andar (antigo Seminario Menor), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, a correspondente carta de pagamento, e o seu ingreso efectuarase nas oficinas de ABANCA, BBVA, CAIXABANK, ou BANCO SABADELL.

Tamén poderá solicitar a carta de pago a través do correo electrónico (tasasobras@lugo.gal).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.